

From: JUZG SOCIAL 3 LUGO 982294788 To: 00982807560

14/04/2015 11:19 #271 P.002/009

ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA

Notificada
[Firma]

XDO. DO SOCIAL N. 3 LUGO

SENTENCIA: 00145/2015

ARMANDO DURAN S/N EDIFICIO NUEVO DE LOS JUZGADOS DE LUGO
 Tfno: 982294789-90-91
 Fax: 982-294788
 NIG: 27028 44 4 2014 0000331
 N02700

PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0000107 /2014

Procedimiento origen: /
 Sobre: ORDINARIO

DEMANDANTE/S D/fia: CONFEDERACION INTERSINDICAL GALEGA (C.I.G.)
 ABOGADO/A: XERMAN VAZQUEZ DIAZ
 DEMANDADO/S D/fia: FUNDACION CENTRO TECNOLOGICO AGROALIMENTARIO DE LUGO,

SENTENZA N° 145

Maxistrada: Dalila Dopazo Blanco

Lugo, 31 de marzo de 2015


ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- O día 30 de xaneiro de 2014, o sindicato CIG formulou unha demanda contra a FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO AGROALIMENTARIO de Lugo (FUNDACIÓN CETAL) na que solicitaba o que consta no suplico.

Segundo.- A demanda foi admitida a trámite polo Decreto de 12 de febreiro de 2014 e logo ampliada contra Estíbaliz Gómez Pérez.

Terceiro.- A conciliación, sen avinza, e vista celebráronse o 2 de setembro de 2014 .

No xuízo, o demandante ratificou a súa petición, á que se opuxeron as demandadas. Tras a proposición, admisión e práctica da proba, de conformidade co resultado que se fixo



- A anterior resolución foi obxecto de emenda polo Auto do 7 de xaneiro de 2014, notificado á CIG o 14 de xaneiro de 2014, quen presentou demanda ante o Decanato de Lugo dirixida ós xulgados do Social desta localidade o 30 de xaneiro de 2014.

É certo que o artigo 225.1 LAC indica que son nulos de pleno dereito os actos realizados con falta de xurisdición mais o indicado non pode dar lugar a que se aplique a institución da prescripción mentres a controversia estea sub iudice. Os prazos, xa que logo, interrompérionse mentres o Xulgado do Contencioso-administrativo núm. 2 non notificou a resolución de arquivo do procedemento, reanudándose a partir de entón e sen que transcorrese o prazo prescritivo ata a formulación da demanda.

En relación coa falta de lexitimación activa da CIG, non se discutió que se trata dun sindicato sen afiliados ou representación na FUNDACIÓN CETAL, mais cómpre ter en conta que a súa lexitimación neste procedemento vén determinada polo artigo 17.2 LRXS dado que é un feito notorio que é o sindicato máis representativo en Galiza e existe un interese evidente na defensa da corrección do acto da convocatoria dun proceso de selección que afectará ós intereses dunha multiplicidade de aspirantes á praza convocada. A excepción debe rexeritarse, xa que logo.

Cuarto.- En relación ó fondo da cuestión controvertida, o artigo 1 dos estatutos da FUNDACIÓN CETAL (folio 94 dos autos) indica que se trata dunha fundación do sector público estatal.

Segundo o artigo 46.4 da Lei 50/2002 de Fundacións, "a selección do persoal deberá realizarse con sometemento ós principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade da correspondente convocatoria". Tales principios vénse conculcados nun sistema de selección como o establecido na base 10 da convocatoria (que se afirma sen dubidar en modo



algún da excelencia académica e profesional da ^{z,}
 obviamente), na que se fixan dous momento distintos da
 selección, cada un de eles cun 18 puntos máximos. O primeiro
 de eles é claramente obxectivo, xa que se establece unha
 puntuación en funcións de formación ou prácticas segundo o
 anexo de relación de méritos (folio 180 dos autos) e cos
 baremos das bases (folio 181 dos autos). A segunda fase carece
de obxectividade, dado que se trata dunha entrevista persoal
que ten natureza subxectiva obvia. O letrado da FUNDACIÓN
 CETAL indicou que só se acceden á fase da entrevista os 10
 aspirantes que recibisen unha maior puntuación na fase de
 méritos, mais o indicado non elimina a infracción do artigo
 46.4 da Lei 50/2002 xa que entre eses aspirantes, a entrevista
se converte en decisiva na puntuación total.

Procede, pois, declarar a nulidade da base 10 da convocatoria
 (non de toda a convocatoria xa que non consta vicio de
 nulidade nos seus restantes aspectos).

DECISIÓN

Acollo parcialmente a demanda formulada pola CIG contra a
 FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO AGROALIMENTARIO de Lugo e
 Estíbaliz Gómez Pérez de tal xeito que declaro nula a Base 10
 das Bases do proceso selectivo para cubrir unha praza de
 Técnico Superior para o Departamento de Servizos Técnicos e
 Sistemas Tecnolóxicos (REF: 02AT006-GII-S3) convocado o 9 de
 abril de 2012, así como de todos os actos administrativos
 sucesivos, debendo realizarse a convocatoria conforme a
 Dereito.

Esta resolución notifícase ás partes facéndolles saber que a
 mesma non é firme, e que contra a mesma cabe interpor un



AO XULGADO DO SOCIAL N° 3 DE LUGO

Xermán Vázquez Díaz, en nome e representación da Central Sindical CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (C.I.G.), demandante en xuízo sobre IMPUGNACIÓN DA CONVOCATORIA PARA A COBERTURA DE PRAZA, contra a FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO AGROALIMENTARIO DE LUGO, segundo consta nos autos nº 107/2014, ante o Xulgado do Social nº 3 de Lugo comparezo e, como mellor proceda en dereito, D I G O:

Que a FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO AGROALIMENTARIO DE LUGO non catatou a sentenza e fixo caso omiso dela, polo que aínda non cumplimentou o fallo da sentenza.

Por todo o anterior,

S U P L I C O ao Xulgado do Social nº 3 de Lugo que, tendo por presentado este escrito, ca súa copia, prevenida en tempo e forma, teña a ben admitilo a trámite para que, tendo por instado o trámite de EXECUCIÓN DE SENTENCIA, se proceda requirir á FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO AGROALIMENTARIO DE LUGO, a fin de que acate a sentenza nos seus propios termos, así como ao abono de gastos e costas de execución que segundo o seu prudente arbitrio fixe o Xulgado até o total cumprimento da mesma.

Pois é Xusto.

Lugo, 20 de Outubro de 2015.